



CAMPAMENTOS DE VERÁN ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE | 2022



O VERÁN QUE QUERES CONTAR



XUNTA
DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
2022

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

CONTIDO

INTRODUCCIÓN	4
EDICIÓN DOS CAMPAMENTOS	5
MEDIDAS DE PREVENCIÓN E ADAPTACIÓN DAS ACTIVIDADES Á COVID-19	6
QUEN PODE SOLICITAR PRAZA	6
QUE INCLÚE O CAMPAMENTO	7
COMO PRESENTAR A SOLICITUDE	8
ADXUDICACIÓN E CONFIRMACIÓN DE ASISTENCIA	9
OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES	10
COMEZO E REMATE DA ESTADÍA	10
PREZOS E BONIFICACIÓN	11
DEVOLUCIÓN DE COTAS	11
MÁIS INFORMACIÓN	13

INTRODUCCIÓN

A Xunta de Galicia ofrece ás **persoas con discapacidade** a posibilidade de participar en **campamentos de verán** especificamente deseñados para elas, e que se realizan en varias localizacións da nosa Comunidade Autónoma.

Estes campamentos, que teñen unha **duración de 10 días**, permiten gozar dunha estada socializadora e de convivencia nun espazo lúdico, integrador e formativo, e mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Para iso, cada ano preséntase a campaña de campamentos específicos para persoas con discapacidade, unha iniciativa ambiciosa que non só é unha actividade de ocio, senón que tamén é un **recurso de conciliación da vida familiar e laboral**.

A información está dispoñible na páxina web:

<https://politicassocial.xunta.gal/>

En total ofértanse **200 prazas** nas seguintes instalacións:

- » **Albergue Xuvenil de Gandarío**, en Bergondo (A Coruña)
- » **Residencia de Tempo Libre de Panxón**, en Nigrán (Pontevedra)
- » **Residencia de Tempo Libre do Carballiño** (Ourense)



EDICIÓNS DOS CAMPAMENTOS

Os campamentos ofértanse nas seguintes edicións:

DE 11 A 14 ANOS

Aventura na natureza



Do 16 ao 25 de xullo



O Carballiño



125 €

Natureza xunto ao mar



Do 22 ao 31 de agosto



Gandarío



125 €

DE 15 A 18 ANOS

Natureza xunto ao mar



Do 22 ao 31 de agosto



Gandarío



125 €

Natureza xunto ao mar



Do 1 ao 10 de setembro



Panxón



125 €

DE 19 A 25 ANOS

Natureza xunto ao mar



Do 1 ao 10 de xullo



Panxón



125 €

Aventura na natureza



Do 5 ao 14 de xullo



O Carballiño



125 €

Natureza xunto ao mar



Do 8 ao 17 de agosto



Gandarío



125 €

Natureza xunto ao mar



Do 5 ao 14 de setembro



Gandarío



125 €

DE 26 A 50 ANOS

Natureza xunto ao mar



Do 1 ao 10 de xullo



Panxón



125 €

Natureza xunto ao mar



Do 8 ao 17 de agosto



Gandarío



125 €

Natureza xunto ao mar



Do 1 ao 10 de setembro



Panxón



125 €

Aventura na natureza



Do 1 ao 10 de setembro



O Carballiño



125 €

Natureza xunto ao mar



Do 5 ao 14 de setembro



Gandarío



125 €

MEDIDAS DE PREVENCIÓN E ADAPTACIÓN DAS ACTIVIDADES Á COVID-19

Como xa ocorreu nas campañas precedentes, a Campaña de Verán da Xunta de Galicia realizarase baixo as **medidas de prevención e seguridade** que sexan precisas, e tendo presente tamén o actual escenario tras a aprobación do Real Decreto 286/2022, de 19 de abril.

Os proxenitores ou as persoas que exerzan as medidas de apoio que corresponda da persoa participante que obteña praza nalgún campamento recibirán unha información detallada sobre as medidas específicas que se poñerán en marcha, de ser o caso. Así mesmo, deberán cubrir unha declaración responsable sobre a Covid-19 que estará dispoñible na páxina web <https://politicassocial.xunta.gal/>

QUEN PODE SOLICITAR PRAZA

Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as persoas con discapacidade residentes en Galicia e empadroadas nalgún concello galego, que cumpran cos seguintes requisitos:

- » Ter recoñecida unha **porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33%**.
- » Ter unha **idade comprendida entre os 11 e os 50 anos**. Debe terse cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a idade máxima ao seu remate.
- » **Non presentar trastornos** que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- » Ter unha **capacidade mínima de comunicación e de participación** nas actividades que se van desenvolver.
- » Ter unha **mobilidade acorde** coas características da instalación que solicita.

Para ser admitido no campamento será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio nin sintomatoloxía compatible coa Covid-19.

Ningunha persoa participante poderá ser admitida en máis dun campamento por ano. A praza adxudicada será intransferible.



QUE INCLÚE O CAMPAMENTO

As persoas participantes disporán dos seguintes servizos:

- » **Un programa de actividades** de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial.
- » **O aloxamento** nun albergue ou nunha residencia, segundo o destino solicitado.
- » **A manutención** en réxime de pensión completa.
- » **O material** necesario para a actividade.
- » **Un equipo técnico de persoal especializado** en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso; e persoal de apoio para atender as necesidades das persoas asistentes.
- » **Atención sanitaria** de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Equipamento persoal necesario:

As persoas que participen nestas actividades deberán levar útiles de aseo persoal, roupa axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuvia, luvas, roupa deportiva, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (traxe de baño, toalla, gorro de piscina, protector solar), calzado deportivo e aquel outro equipamento que se requira como necesario para cada campamento.

COMO PRESENTAR A SOLICITUDE

Para participar nos campamentos deben de utilizarse os modelos oficiais de solicitude e de informe médico, accesibles na páxina web <https://politicassocial.xunta.gal/>

Forma de presentación

As solicitudes, acompañadas do informe médico, presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, dirixíndoas á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e indicando no asunto relacionado **"CAMPAMENTOS DISCAPACIDADE 2022"**.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).



Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, dirixíndose ao seguinte enderezo:

Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes está aberto **ata o día 3 de xuño de 2022**.

ADXUDICACIÓN E CONFIRMACIÓN DE ASISTENCIA

As solicitudes serán valoradas por unha **comisión composta por representantes da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade**, de acordo cos seguintes criterios:

- » Participación no programa en anos anteriores
- » Lugar de residencia

Terán **preferencia** as persoas que:

- » Non participasen neste programa en anos anteriores
- » Residan habitualmente no domicilio familiar

No caso de empate, a adxudicación das prazas farase por orde de entrada da solicitude.

As persoas seleccionadas **comunicarán no prazo máximo de 5 días hábiles**, contados desde o seguinte ao da recepción da notificación, **a aceptación ou renuncia** á praza no modelo que se lles facilite para o efecto.

A unidade responsable do procedemento é a Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia.



OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As persoas participantes dos campamentos están obrigadas a:

- » Incorporarse á actividade e regresar **polos seus propios medios e nos prazos establecidos**.
- » **Non abandonar a actividade sen a autorización** por escrito dos proxenitores ou das persoas que exerzan as medidas de apoio que corresponda, de ser o caso.
- » **Respectar as normas establecidas polos equipos de animación**, as normas de réxime interior das respectivas instalacións, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención fronte á Covid-19 establecidas no protocolo e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia. Poderán ser expulsadas do campamento as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

COMEZO E REMATE DA ESTADÍA

A incorporación á instalación en que se vai levar a cabo o campamento será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16.00 horas e as 19.00 horas; fóra dese horario non se admitirá ninguén.

Ao remate da quenda, ou no suposto de abandono da actividade antes de que finalice, será responsabilidade dos proxenitores ou das persoas que exerzan as medidas de apoio que corresponda a recollida e traslado da persoa participante ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.

PREZOS E BONIFICACIÓNS

O prezo dos campamentos é o recollido na circular de convocatoria e neste mesmo folleto, debendo as persoas participantes ingresar o importe establecido nos termos que se lle indiquen ao notificarlle a concesión da praza.

En todo caso, establécense unha serie de descontos, que en ningún caso son acumulables:

- » **50%** para membros de **familia** que teñan o título de **numerosa**.
- » **50%** para familias que teñan o certificado de recoñecemento da condición de **familia monoparental** expedido pola Consellería de Política Social.
- » **25% para as persoas usuarias do Carné xove**. Para poder aplicar o desconto, a persoa beneficiaria deberá ser titular do Carné xove, vixente, no momento de efectuar o pagamento.

No caso de acollerse a algunha destas tres condicións terase que acompañar coa solicitude o documento acreditativo (copia do título de familia numerosa, do documento acreditativo da condición de familia monoparental ou do carné xove en vigor, segundo proceda).

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste, nos casos e polas causas seguintes:

- a. **Renuncia á praza comunicada por escrito** sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos **7 días hábiles antes do inicio da actividade**.

- b. **Anulación da actividade ou non prestación do servizo** por causas non imputables á persoa interesada.
- c. **Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid-19** que afecte á persoa con discapacidade e lle impida incorporarse ao campamento, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresado a persoa con discapacidade, ou coa certificación do resultado da proba da Covid-19.
- d. **Falecemento ou enfermidade grave dun familiar de ata 2º grao.** Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- e. Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra c), sempre e cando non teña transcorrido máis do 50 por cento dos días de duración do campamento.

Serán denegadas todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas coa antelación mínima sinalada no apartado a), cando non concorran ningunha das causas antes citadas.



MÁIS INFORMACIÓN

Estamos á disposición das persoas con discapacidade e familias galegas para resolver as súas dúbidas:

- » Na **Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade**, nos teléfonos 981 547 437 / 981 546 737 / 981 544 640
- » Nas **xefaturas territoriais da Consellería de Política Social** (teléfonos a continuación)
- » No enderezo electrónico autonomiapersoal.sxps@xunta.gal
- » Na páxina web <https://politicassocial.xunta.gal/>
- » Nos servizos sociais comunitarios dos concellos

Xefaturas territoriais da Consellería de Política Social

Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal

Xefatura Territorial da Coruña

Rúa Concepción Arenal, nº 7-9

15006 A Coruña

Teléfono: 881 881 528

Xefatura Territorial de Ourense

Rúa Sáenz Díez, nº 33

32003 Ourense

Teléfono: 988 386 928

Xefatura Territorial de Lugo

Rúa Serra de Ancares, nº 68 baixo

27003 Lugo

Teléfono: 982 889 132

Xefatura Territorial de Vigo

Rúa Concepción Arenal, nº 8, 1º andar

36201 Vigo

Teléfono: 886 218265

